



CITA A CEGAS

FICHA TÉCNICA

Datas: Do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2019

Horario: Horario de apertura da biblioteca

Lugar: Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas

Destinatarios: Persoas usuarias da biblioteca.

XUSTIFICACIÓN

Dentro das súas funcións, a biblioteca debe promocionar entre os usuarios os seus propios fondos bibliográficos, de forma que os socios poidan familiarizarse cos mesmos. Deste xeito os usuarios escollerán libros ao azar sen prexuízos.

OBXECTIVOS

- Evitar prexuízos e falsas impresións.
- Consolidarnos como unha entidade impulsora e dinamizadora de hábitos lectores na cidade.

CONTIDO

Nunha zona destacada da biblioteca colocaranse uns paquetes pechados nos que se agochará diferente material de préstamo (libros, banda deseñada, cine, música...). O usuario escollerá un paquete sen saber o que leva en préstamo, atopando unha sorpresa cando chegue á casa.

TEXTO PARA A DIFUSIÓN EN FORMATO FOLLETO

Poñemos á disposición das persoas usuarias unha serie de paquetes pechados que poderán levar a casa emprestados sen saber o que hai dentro ata que ao abrilo desvelen o seu segredo, atopándose co que pode chegar a ser un gran amor literario.

TEXTO PARA A PROMOCIÓN/DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE EN VIGOCULTURA

Durante os meses de verán a Biblioteca Neira Vilas ofrece a quen o desexe unha CITA A CEGAS co que pode chegar a ser o seu gran amor literario. As persoas usuarias terán á súa disposición unha serie de paquetes pechados que poden levar a casa emprestados, sen saber o que hai dentro, ata que ao abrilo desvelen o seu segredo, atopándose co que pode chegar a ser un gran descubrimento, unha decepción ou un gran amor.